

MONFORTE DE LEMOS**Anuncio**

Por resolución da Alcaldía de data 19 de outubro do 2016 prestouse aprobación ó proxecto denominado "Estación Depuradora de Augas Residuais e Bombeo Saída Río Cabe (1ª e 2ª fase) da Area Loxística e Intermodal Porto Seco de Monforte de Lemos.

O proxecto expónse ó público, por un prazo de vinte días hábiles, a contar desde o seguinte á publicación do anuncio no BOP para o seu exame e reclamacións nas oficinas municipais todos os días laborables entre as 9 e as 14 horas.

Monforte de Lemos, a 20 de outubro de 2016.- O ALCALDE, José Tomé Roca

R. 3232

TRABADA**Anuncio**

O día 20 de outubro asinouose o acordo entre os Concellos de Trabada, Ribadeo e Barreiros para a formalización da encomenda de xestión da licitación e execución do proxecto de acondicionamento da vía de comunicación entre as parroquias de Fórnea, Vidal e Valboa, logo dos acordos plenarios de aprobación do convenio de datas 21 , 22 e 26 de setembro de 2016, respectivamente.

En cumprimento do indicado no artigo 11 da Lei 40/2015 (*idem* art. 15 lei 30/1992), procédese á publicación do citado convenio aos efectos do despregue da súa eficacia e inicio da súa vixencia:

ACORDO ENTRE OS CONCELLOS DE TRABADA, RIBADEO E BARREIROS PARA A FORMALIZACION DA ENCOMENDA DE XESTION DA LICITACION E EXECUCIÓN DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA VIA DE COMUNICACION ENTRE AS PARROQUIAS DE FÓRNEA , VIDAL E VALBOA .

No Concello de Trabada , a vinte de outubro de 2016,

REUNIDOS:

Dunha parte, Dona Mayra García Bermúdez, con DNI 76,581,671-C, en nome e representación do Concello de Trabada, con CIF P-2706100-A.

Doutra parte, D. José Alfonso Fuente Parga , con DNI 77.592.113-A, en nome e representación do Concello de Barreiros , con CIF P-2700500-H

Doutra parte, Don Fernando Suárez Barcia , con DNI 77.594.115-G , en nome e representación do Concello de Ribadeo, con CIF P- 2705100-B,

Todos eles en nome e representación de cadanseu concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LBRRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN:

Primeiro.- A lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRRL) no seu artigo 25 establece que o municipio, para a xestión dos seus interese e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- O artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun Concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- O artigo 14.4 da Lei 30/1992, regula a necesidade de formalizar a encomenda de xestión entre os distintos concellos mediante a sinatura do correspondente convenio.